

Opinión das usuarias do Programa galego de detección precoz do cancro de mama

Enquisa 2008



Estudo elaborado por OBRADOIRO DE SOCIOLOXÍA, S.L.

Dispoñible para a súa descarga no portal de Saúde Pública da web
da Consellería de Sanidade <http://dxsp.sergas.es>

Depósito legal: C 182-2010

índice

I. INTRODUCCIÓN	5
II. METODOLOXÍA	7
III. CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN ESTUDADA.....	11
IV. EXPERIENCIA E COÑECEMENTO DO PGDPCM.....	15
IV.1. COÑECEMENTO DA INSTITUCIÓN RESPONSABLE DO PGDPCM	15
IV.2. EXPERIENCIA PREVIA CO PGDPCM.....	17
IV.3. USUARIAS SEN EXPERIENCIA PREVIA: COÑECEMENTO PREVIO DO PGDPCM E REALIZACIÓN DE EXPLORACIÓNS MAMOGRAFICAS PREVIAS	19
IV.4. USUARIAS CON EXPERIENCIA PREVIA: REALIZACIÓN DE EXPLORACIÓNS MAMOGRAFICAS ALLEAS AO PGDPCM	27
V. CITACIÓN E MOTIVOS DA PARTICIPACIÓN	31
V.1. A CITACIÓN.....	31
V.2. MOTIVOS DA ASISTENCIA.....	35
VI. O FOLLETO EXPLICATIVO	37
VI.1. COÑECEMENTO E UTILIZACIÓN DO FOLLETO EXPLICATIVO	37
VI.2. VALORACIÓN DO FOLLETO EXPLICATIVO	39
VII. ACCESIBILIDADE Á UNIDADE DE EXPLORACIÓN.....	41
VII.1. FORMA DE ACCESO Á UNIDADE DE EXPLORACIÓN: DATOS GLOBAIS	41
VII.2. FORMA DE ACCESO Á UNIDADE DE EXPLORACIÓN: UNIDADES FIXAS.....	43
VII.3. FORMA DE ACCESO Á UNIDADE DE EXPLORACIÓN: UNIDADES MÓBILES.....	50
VIII. ATENCIÓN RECIBIDA NA UNIDADE DE EXPLORACIÓN	53
VIII.1. INFORMACIÓN FACILITADA A MULLERES SEN EXPERIENCIA PREVIA	53
VIII.2. TEMPO DE ESPERA NA UNIDADE DE EXPLORACIÓN	55
VIII.3. GRAO DE SATISFACCIÓN RESPECTO DAS CONDICIÓN DE ESPERA ATA A REALIZACIÓN DA MAMOGRAFÍA	57
VIII.4. NECESIDADE DE REPETICIÓN DAS PLACAS NESA MESMA VISITA	60
VIII.5. GRAO DE SATISFACCIÓN CON ALGÚNS ASPECTOS DA ATENCIÓN PRESTADA NA UNIDADE DE EXPLORACIÓN	61
VIII.6. GRAO DE SATISFACCIÓN CON ALGÚNS ASPECTO RELATIVOS AO CONFORT DA UNIDADE DE EXPLORACIÓN	78
IX. SITUACIÓN EMOCIONAL DURANTE O PROCESO E COMUNICACIÓN DOS RESULTADOS.....	85
IX.1. SITUACIÓN EMOCIONAL.....	85
IX.2. O TEMPO DE ESPERA ATA A COMUNICACIÓN DOS RESULTADOS DA EXPLORACIÓN.....	92
IX.3. VALORACIÓN DA FORMA DE COMUNICACIÓN DO RESULTADO.....	96
X. O TELÉFONO DE ATENCIÓN ÁS USUARIAS DO PGDPCM	99
XI. OPINIÓ XERAL SOBRE O PROGRAMA	103
XI.1. GRAO DE SATISFACCIÓN GLOBAL CO PROGRAMA.....	103
XI.2. A FIDELIDADE DAS USUARIAS.....	108
XI.3. ASPECTOS DE MELLORA	112
ANEXO: CUESTIONARIO	117

I. INTRODUCCIÓN

O presente documento ofrece os resultados dunha investigación encomendada pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a opinión das usuarias do Programa galego de detección precoz do cancro de mama -PGDPCM-, dirixido á poboación feminina con idades comprendidas entre os 50 e os 69 anos con residencia en Galicia. A poboación obxecto de estudo é, pois, a conformada polas mulleres atendidas nas trece unidades de exploración con que conta o citado programa na comunidade galega.

As seguintes páxinas conteñen os principais resultados e conclusións do estudo que fan referencia ás distintas temáticas sometidas á opinión das usuarias a través dun cuestionario especificamente deseñado para este cometido. O seu contido estrutúrase en capítulos sucesivos, divididos, cando procede, en epígrafes relativas aos diferentes aspectos que conforman cada bloque temático. Realízase, en cada unha delas, unha análise univariada e bivariada, utilizando as variables que en cada caso se consideran de maior importancia desde a perspectiva dos intereses e natureza do estudo.

En primeiro lugar, ofrécese unha explicación moi sintética da metodoloxía adoptada na execución da investigación, á cal segue una descrición da poboación estudada desde a óptica das variables sociodemográficas.

En segundo lugar, desde o capítulo IV ata o capítulo XII expónse a análise propiamente dita dos datos da enquisa, estruturados en función dos diferentes aspectos a que fan referencia. O primeiro deles leva o nome do programa obxecto de estudo e dedícase ao grao de coñecemento do organismo responsable, así como á experiencia previa das usuarias co programa e con outros servizos sanitarios para a realización de mamografías. O capítulo V recolle os datos que fan referencia ao proceso de citación e aos motivos que levan as mulleres a acudir ao PGDPCM. O coñecemento, utilización e valoración do folleto informativo que se divulga con motivo desta campaña é obxecto do capítulo VI, ao que segue outro que se centra na accesibilidade á unidade de exploración. O oitavo recolle diferentes aspectos relacionados directamente coa atención prestada na propia unidade de exploración, é dicir, cando a usuaria acode a realizar a proba -tempo de espera, trato, información...-. A situación emocional durante as distintas fases do paso polo programa, a comunicación dos resultados e o teléfono de atención ás usuarias ocupan os capítulos IX e X, respectivamente; finalizando o informe cos resultados relativos á opinión xeral sobre o PGDPCM en termos de satisfacción global, fidelidade das usuarias e suxestións de mellora.

II. METODOLOXÍA

Universo diana

Mulleres atendidas nas unidades fixas e móbiles do Programa galego de detección precoz do cancro de mama entre o 2 de xaneiro e o 31 de marzo de 2008¹, segundo os datos facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública. Un total de **30.579 usuarias**.

C.1. POBOACIÓN ATENDIDA POR UNIDADE DE EXPLORACIÓN.

	Unidade de exploración ²	N
F-01	Gil Casares-Santiago	2.229
M-02	Móbil A Coruña zona suroeste	2.201
F-03	Delegación Provincial de Pontevedra	2.426
F-04	Hospital Provincial San José-Lugo	2.669
F-05	Delegación Provincial de Ourense	2.493
M-06	Móbil A Coruña zona nordeste	2.232
F-07	Casa do Mar - Vigo	2.278
F-08	Delegación Provincial da Coruña	2.542
M-09	Móbil Pontevedra	1.931
M-10	Móbil Lugo e Ourense	1.987
F-11	Casa do Mar - Vigo (2ª)	2.638
F-12	Delegación Provincial da Coruña (2ª)	2.607
F-13	Hospital Novoa Santos - Ferrol	2.346
	Total	30.579

Aínda que a intención é coñecer a satisfacción das usuarias atendidas na última campaña, o acurtamento temporal do universo ten por obxecto eliminar, ou cando menos reducir, o efecto que o paso do tempo poida ter no recordo da experiencia no Programa e, consecuentemente, na calidade

¹ Aínda que hai 1 caso dunha usuaria que realizou a proba por repetición rápida o día 2 de abril de 2008.

² A unidade de exploración considerada é a última en que a usuaria acudiu a unha cita. Obviamente, incorporouse un novo campo á base de datos que deixase constancia precisamente de cal foi esa última unidade, á vista do acontecido nos campos cita 1 e cita 2, proba rápida e control aos 12 meses.

percibida. Así, limitando a distancia no tempo, procúrase obter unha avaliación non nesgada da satisfacción das usuarias do PGDPCM.

Deseño e tamaño da mostra

Para proceder ao deseño da mostra tomouse como base a listaxe de usuarias facilitada polo organismo competente. Unha vez **que a listaxe é depurada** (atopando 74 casos de unidades descartables por tratarse de usuarias ás cales non se podía localizar por carecer a base de datos dun teléfono de contacto³), procedeuse á **aleatorización das unidades mostrais**, o que garante unha aleatoriedade na súa orde de saída en CATI -un sistema de enquisa telefónica asistida a través do ordenador- e, polo tanto, a mesma probabilidade de cada unidade de formar parte da mostra.

Para a determinación do tamaño da mostra tívose en conta a necesidade de obter datos estatisticamente representativos para cada unha das unidades de exploración, xa que se partía da hipótese de que a unidade de exploración podería ser unha das variables de maior influencia no grao de satisfacción percibida. Así, cada unidade foi considerada como un estrato, de xeito que se procedeu a unha estratificación mediante afixación fixa, atribuíndo submostras de 100 usuarias a cada unha delas.

8

Finalmente, o tamaño da mostra total quedou establecido exactamente en 1.300 usuarias, sendo o **erro estatístico $\pm 2,71\%$** , para $p=q=50\%$ e un nivel de confianza do $95,5\% -2\sigma$.

Posteriormente, e mediante un **procedemento de ponderación**, devolveuse a cada estrato (unidade de exploración) o seu peso real no conxunto e subconxuntos da poboación obxecto de estudo. Esta operación afecta os resultados e bases mostrais amosados para o global e mais para os subconxuntos referentes a unidades fixas e unidades móbiles, mentres que os resultados e bases mostrais correspondentes a cada unidade non se ven influídos.

A distribución real da poboación, así como a mostra por estratos, o correspondente erro estatístico, os coeficientes de ponderación e os tamaños mostrais unha vez ponderados, figuran no cadro nº 2.

³ Procedeuse a unha busca de teléfono nos campos: "teléfono", "teléfono2", "campo libre enderezo". O número de unidades para considerar viuse reducido, logo da eliminación destes 74 rexistros, a un total de 30.505 mulleres para considerar na selección aleatoria da mostra. En canto a aquelas unidades descartadas, pode engadirse que 8 delas pertencían á unidade 1; outras 8 á unidade 2; 15 á unidade 3; 3 á unidade 4; 6 á unidade 5; outras 7 á unidade 6; 2 á unidade 8; 9 á unidade 9; 1 á unidade 10; 4 á unidade 11; 8 á unidade 12; e as 3 restantes á unidade 13.

C.2. UNIVERSO, MOSTRA REAL, ERRO ESTATÍSTICO, COEFICIENTE DE PONDERACIÓN E MOSTRA PONDERADA, POR UNIDADE DE EXPLORACIÓN, TIPO DE UNIDADE E EN TOTAL.

Unidade de exploración		UNIVERSO		MOSTRA				
		N	%	n	%	erro	w	n _w
FS-01	Gil Casares-Santiago	2.229	7,29	100	7,69	9,77	0,95	95
FP-03	Delegación Provincial de Pontevedra	2.426	7,93	100	7,69	9,79	1,03	103
FL-04	Hospital Provincial San José-Lugo	2.669	8,73	100	7,69	9,81	1,13	113
FO-05	Delegación Provincial de Ourense	2.493	8,15	100	7,69	9,79	1,06	106
FV-07	Casa do Mar - Vigo	2.278	7,45	100	7,69	9,78	0,97	97
FC-08	Delegación Provincial da Coruña	2.542	8,31	100	7,69	9,80	1,08	108
FV2-11	Casa do Mar - Vigo (2ª)	2.638	8,63	100	7,69	9,81	1,12	112
FC2-12	Delegación Provincial da Coruña (2ª)	2.607	8,53	100	7,69	9,80	1,11	111
FF-13	Hospital Novoa Santos - Ferrol	2.346	7,67	100	7,69	9,78	1,00	100
Total fixas		22.228	72,69	900	69,23	3,26	- ⁴	945
M-02	Móbil A Coruña zona suroeste	2.201	7,20	100	7,69	9,77	0,94	94
M-06	Móbil A Coruña zona nordeste	2.232	7,30	100	7,69	9,77	0,94	94
M-09	Móbil Pontevedra	1.931	6,31	100	7,69	9,74	0,82	82
M-10	Móbil Lugo e Ourense	1.987	6,50	100	7,69	9,74	0,85	85
Total móbiles		8.351	27,31	400	30,77	4,87	-	355
TOTAL MOSTRAL		30.579	100	1.300	100	2,71	1	1.300

Técnica e recollida de información

A recollida de datos efectuouse a través da enquisa telefónica asistida por ordenador, mediante o sistema CATI-BELLVIEW, capaz de soportar, simultaneamente, un gran número de entrevistas e terminais de supervisor nun único computador.

Utilizouse un cuestionario estruturado, deseñado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, no cal se recollen aqueles aspectos considerados de maior interese no contexto desta enquisa de opinión.

A recollida de información foi realizada polo departamento de campo de Obradoiro de Socioloxía, S.L. entre os días 26 de maio e 3 de xuño de 2008. Para a consecución dun total de 1.300 entrevistas foi necesario empregar 2.003 rexistros dos 30.505 utilizables⁵. Tras realizar os intentos de contacto pertinentes (ata un máximo de 5 intentos por rexistro), o resultado foi o seguinte:

⁴ Como a ponderación do conxunto se realiza por unidade, os subconxuntos “unidades fixas” e “unidades móbiles” tamén se ponderan, polo que non é preciso realizar unha ponderación específica no seu caso.

⁵ Lembrando que outros 74 foron descartados da posibilidade de ser escollidos (non do universo) por carecer de datos para a localización da usuaria.

C.3. RESULTADO DA UTILIZACIÓN DE REXISTROS MOSTRAIS.

ENQUISAS EFECTUADAS		1.300
INCIDENCIA (motivo polo que non é posible realizar a entrevista)		703
1	Aprazamento/non contesta/comunica	384
2	5 intentos de localización frustrados	95
3	Negativa da usuaria a colaborar	78
4	Negativa da persoa que atende a chamada no fogar	15
5	Nº inexistente/erróneo	66
6	A usuaria estará ausente ata final do estudo	49
7	Dificultades físicas/anímicas impiden a entrevista	15
8	Dificultades idiomáticas impiden a entrevista	0
9	A usuaria asegura non ter participado no PGDPCM	1
TOTAL REXISTROS UTILIZADOS		2.003

En resumo, o estudo concrétese na realización de 1.300 entrevistas telefónicas, dirixidas ás usuarias do PGDPCM, e unha análise da información obtida, respondendo á seguinte ficha técnica:

Ficha técnica

UNIVERSO:	Mulleres de idades comprendidas entre os 50 e os 69 anos atendidas no PGDPCM entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2008.
MOSTRA:	1.300 usuarias.
TIPO DE MOSTRAXE:	Estratificado, polietápico, con selección por mostraxe aleatoria simple da última unidade mostral (a usuaria).
ERRO ESTATÍSTICO:	$\pm 2,71\%$ para os datos globais; entre $\pm 9,74\%$ e $\pm 9,81\%$ para as diferentes unidades de exploración, considerando un nivel de confianza do 95,5% -2 σ - e p=q=50%.
TRABALLO DE CAMPO:	Do 26 de maio ao 3 de xuño de 2008.

III. CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN ESTUDADA


No presente capítulo sinálanse os aspectos definidores do perfil sociodemográfico do colectivo de mulleres usuarias do Programa galego de detección precoz de cancro de mama -PGDPCM- ademais do seu hábito de lectura da prensa.

- Atendendo á distribución por grupos de idade conséctase un predominio das mulleres cunha idade intermedia, as menores de 59 anos, que representan o 53,3% do total mostral.
- En canto ao nivel educativo, cabe subliñar que se trata dun colectivo de mulleres nunha elevada porcentaxe con estudos primarios -67,7%-, mentres que aquelas que afirman ter estudos de bacharelato ou superiores ocupan unha porcentaxe menor: 13,1% e 11,4% respectivamente.
- En canto á situación sociolaboral, abundan as amas de casa -42,6%-, seguidas pola poboación ocupada -33%- e xubilada -22,4%-, sendo moi reducida a porcentaxe de usuarias que están buscando emprego -1,6%-.
- Por último, atendendo ao hábitat de residencia, máis da metade das usuarias entrevistadas viven nun concello rural ou semiurbano -62,8%-, de xeito que o 37,2% reside nalgunha das cidades galegas⁶.

11


6 Considéranse urbanos os municipios de máis de 50.000 habitantes, isto é as sete cidades de Galicia.

G.1. MOSTRA TOTAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.


G.2. MOSTRA TOTAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

G.3. MOSTRA TOTAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ENTREVISTADA SEGUNDO

SITUACIÓN SOCIOLABORAL. ESTRUCTURA PORCENTUAL.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

Por último, outra das variables consideradas na enquisa é a frecuencia da lectura da prensa; así, a través desta pódese observar que o 54,1% o fai frecuentemente -todos os días ou algunha vez á semana-. Un 26,9% le o xornal de cando en vez, mentres que un 17,8% admite non facelo nunca. De calquera xeito, é interesante comprobar, tal e como reflicte o gráfico nº 5 de forma moi nítida, que este hábito é máis común conforme aumenta o nivel formativo das mulleres.


13

G.4. MOSTRA TOTAL. FRECUENCIA DA LECTURA DA PRENSA. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

G.5. MOSTRA TOTAL. FRECUENCIA DA LECTURA DA PRENSA SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS.
ESTRUTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

IV. EXPERIENCIA E COÑECEMENTO DO PGDPCM

(Programa galego de detección precoz do cancro de mama)


Iníciase a análise dos resultados da enquisa de opinión das usuarias para coñecer a calidade percibida do PGDPCM, abordando, en primeiro lugar, o grao de coñecemento do organismo responsable da campaña de prevención por parte da poboación participante; posteriormente estúdase a mostra entrevistada en función da existencia ou non dunha experiencia anterior co Programa, indagando ao mesmo tempo a eventual realización de exploracións mamográficas noutros servizos sanitarios. Así, para a análise desta última cuestión comentaranse separadamente, por unha parte as mulleres cunha experiencia anterior no programa e doutra as mulleres sen experiencia previa, indagándose neste segundo caso o coñecemento previo do PGDPCM e o tempo transcorrido desde a realización da última mamografía.

15

IV.1. COÑECEMENTO DA INSTITUCIÓN RESPONSABLE DO PGDPCM

Unha das cuestións obxecto de estudo, como se indicou anteriormente, é o grao de coñecemento da institución responsable do PGDPCM, e os resultados obtidos plásmanse no seguinte gráfico.

G.1. MOSTRA TOTAL. ENTIDADE ALUDIDA COMO RESPONSABLE DO PGDPCM. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

Así, tendo en conta os datos que se poden observar no gráfico nº 1, confírmase un alto nivel de descoñecemento da entidade responsable do PGDPCM, xa que o 33% da poboación entrevistada así o manifesta, mentres que o 38,2% alude de xeito xenérico á Xunta de Galicia. Doutra banda, a Consellería de Sanidade é correctamente mencionada no 22,5% dos casos, aínda que especificamente o departamento responsable do programa obxecto de estudo, a Dirección Xeral de Saúde Pública, só é identificada por un 0,2% das usuarias, proporción inferior á rexistrada polo Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo tamén adscrito á citada consellería e, plausiblemente, cun maior grao de recoñecemento e identificación coa prestación xenérica da atención sanitaria de carácter público entre a poboación galega. Un 1,1% alude a institucións sen relación ningunha co programa.

A comparanza entre os datos da última campaña e as anteriores indica un forte incremento da identificación xenérica do organismo responsable do PGDPCM, é dicir, da Consellería de Sanidade, mentres que por outro lado se reduce o grao de descoñecemento ao respecto.

C.1. MOSTRA TOTAL. ENTIDADE ALUDIDA COMO RESPONSABLE DO PGDPCM. ANOS⁷ 2008, 2005, 2002, 1998 E 1996. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002	1998	1996
Xunta	38,2	49,9	41,9	24,1	41,2
Consellería	22,5	10,4	8,2	5,4	7,9
Outras⁸	6,3	4,7	8,0	4,0	2,4
Ns/Nc	33,0	35,0	41,9	66,5	48,5
%	100	100	100	100	100
N	1.300	1.300	1.000	300	705

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.

⁷ A comparativa por anos refírese a aqueles estudos realizados en diferentes campañas nos cales se indagaba no mesmo sentido; o ano atribuído corresponde ao da campaña. Neste caso concreto, e para facer comparables os resultados obtidos nos cinco estudos, procedeuse a unha agregación de categorías. Os resultados sempre son ponderados, aínda que os tamaños mostrais non sempre reflicten a devandita ponderación (no ano 2005, por exemplo, os datos porcentuais son ponderados, pero o “n” que se amosa no informe non o é).

⁸ Para facer comparables os resultados obtidos nos cinco estudos procedeuse a unha agregación de categorías.


IV.2. EXPERIENCIA PREVIA CO PGDPCM

A existencia ou non dunha experiencia previa co PGDPCM é un dos aspectos máis relevantes que hai que ter en conta de cara a unha correcta e máis completa interpretación dos resultados da enquisa; en canto que pode influír por un lado no coñecemento previo de todo o proceso e, por outro, en canto que a satisfacción percibida se ve tamén determinada polas expectativas previas.


Neste sentido, cómpre indicar que unha ampla maioría de mulleres entrevistadas, un 85,5%, manifestou ter participado con anterioridade en máis dunha campaña do PGDPCM, mentres que para a fracción restante se trataba da súa primeira vez. Destes datos resulta unha participación media de 3,5 campañas.

Considerando, entón, ese 85,5% de usuarias que afirmou ter participado en máis dunha campaña, compróbase que a fracción máis numerosa a integran aquelas usuarias que participaron con anterioridade en tres ocasións -20,7%-, seguida daquelas que o fixeron en catro -19,2%-, mentres que un 28% foi atendida no marco deste Programa en cinco ou máis, e no polo oposto situárase a proporción inferior, as mulleres que foron atendidas en dúas ocasións -17,6%-.

G.2. MOSTRA TOTAL. NÚMERO DE CAMPAÑAS EN QUE PARTICIPARON. ESTRUCTURA PORCENTUAL E MEDIA ESTATÍSTICA.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

No cadro Nº 2 especificanse os datos por unidade.

C.2. MOSTRA TOTAL. NÚMERO DE CAMPAÑAS EN QUE PARTICIPARON, POR UNIDADE DE EXPLORACIÓN, TIPO DE UNIDADE E EN TOTAL⁹. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

		Unha (sen experiencia previa)		Máis de unha (con experiencia previa)		TOTAL	
		n	%	n	%	n	%
F-01	Santiago	15	15,0	85	85,0	100	100
F-03	Pontevedra	25	25,0	75	75,0	100	100
F-04	Lugo	19	19,0	81	81,0	100	100
F-05	Ourense	11	11,0	89	89,0	100	100
F-07	Vigo	24	24,0	76	76,0	100	100
F-08	A Coruña	8	8,0	92	92,0	100	100
F-11	Vigo 2	17	17,0	83	83,0	100	100
F-12	A Coruña 2	5	5,0	95	95,0	100	100
F-13	Ferrol	7	7,0	93	93,0	100	100
Total fixas		137	14,5	808	85,5	945	100
M-02	Santiago	23	23,0	77	77,0	100	100
M-06	A Coruña	12	12,0	88	88,0	100	100
M-09	Pontevedra	8	8,0	92	92,0	100	100
M-10	Lugo-Ourense	14	14,0	86	86,0	100	100
Total móbiles		51	14,5	304	85,5	355	100
TOTAL MOSTRAL		188	14,5	1112	85,5	1.300	100

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.


⁹ Os totais e subtotais marcados en grosa corresponden a resultados ponderados. Máis información sobre o procedemento de ponderación na epígrafe "Deseño e tamaño da mostra" do capítulo dedicado á metodoloxía.

IV.3. USUARIAS SEN EXPERIENCIA PREVIA: coñecemento previo do PGDPCM e realización de exploracións mamográficas previas

Noutra orde de asuntos, interesaba indagar entre a fracción de mulleres que acudían por primeira vez ao PGDPCM -un total de 188- dous asuntos de interese: por un lado o coñecemento e a información previa que tiñan do programa antes de que recibisen a citación para participar, e por outro, a eventual realización de mamografías con anterioridade á campaña.

Neste sentido, os datos do gráfico e cadro nº3 reflicten un amplo coñecemento do PGDPCM: o 79,6% das usuarias sen experiencia previa xa coñecía o programa antes da citación.

G.3. FRACCIÓN MOSTRAL. COÑECEMENTO PREVIO DO PGDPCM DAS USUARIAS SEN EXPERIENCIA PREVIA. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.


C.3. FRACCIÓN MOSTRAL. COÑECEMENTO PREVIO DO PGDPCM DAS USUARIAS SEN EXPERIENCIA PREVIA. ANOS 2008, 2005 E 2002. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002
Si	79,6	84,0	81,6
Non	20,4	15,6	17,0
Ns/Nc	-	0,4	1,4
%	100	100	100
n	188	309	255

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.

Así, a principal fonte de información sobre o PGDPCM, segundo os resultados da enquisa, son maioritariamente, as amizades/familia -66,8%-, cun peso moi semellante ao de campañas anteriores, de xeito que outras fontes de información como o médico de cabeceira -13,3%- e os folletos -9,6%-, se sitúan a gran distancia.

G.4. FRACCIÓN MOSTRAL. FONTE A TRAVÉS DA CAL TIVERON COÑECEMENTO DO PGDPCM¹⁰.
ESTRUTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

C. 4. FRACCIÓN MOSTRAL. FONTE A TRAVÉS DA CAL TIVERON COÑECEMENTO DO PGDPCM.
ANOS 2008, 2005 E 2002. ESTRUTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002
Amizades/familia	66,8	65,7	63,8
Radio	0,6	1,0	5,9
Televisión	3,4	6,0	19,4
Folletos	9,6	7,5	8,4
Médico/a cabeceira	13,3	7,8	11,5
Asociación Española contra o Cancro	-	2,1	1,0
Outra	4,4	7,3	12,8
Ns/Nc	1,9	2,6	-
%	100	100	122,9 ¹¹
n	150	260	208


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.

Polo que atinxe á eventual realización de mamografías entre a fracción de mulleres sen experiencia previa no Programa, pódese comprobar a través do gráfico nº 5, que o 66,7% das mulleres si acudiron a un servizo sanitario para ser sometidas a esa proba; pola contra, un 32,8% de usuarias non o fixera nunca.

¹⁰ A categoría "outra" agrega as seguintes respostas: periódicos (1 mención); centros sanitarios (5); xinecólogo/a (1).

¹¹ A suma de porcentaxes correspondente á enquisa de 2002 supera o 100 % xa que entón a pregunta foi formulada como de resposta múltiple.

G.5. FRACCIÓN MOSTRAL. REALIZACIÓN DE MAMOGRAFÍAS PREVIAS Á SÚA PARTICIPACIÓN NO PGDPCM. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

Atendendo á distribución por grupos de idade, compróbase que a realización de mamografías é máis frecuente entre as mulleres de menos de 55 anos -69,4%-; en contraste coas que se sitúan no intervalo de 60 a 64 anos, entre as que a porcentaxe de respostas afirmativas descende ata o 48,5%.

C.5. FRACCIÓN MOSTRAL. REALIZACIÓN DE MAMOGRAFÍAS PREVIAS Á PARTICIPACIÓN NO PGDPCM, POR GRUPOS DE IDADE. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	Menos de 55 anos	Entre 55 e 59 anos	Entre 60 e 64 anos	65 e máis anos	Total
Si	69,4	59,8	48,5	53,7	66,7
Non	30,0	40,2	51,5	46,3	32,8
Ns/Nc	0,6	0,0	0,0	0,0	0,5
%	100	100	100	100	100
n _w	154	13	10	11	188

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

Por outra banda, tamén é interesante apuntar que este hábito se estendeu, segundo os datos do cadro nº 6, en liñas xerais, co paso do tempo: así, se no ano 1998 a porcentaxe de mulleres que realizara algunha mamografía con anterioridade era do 37,1%, nas campañas posteriores a porcentaxe supera o 66,6% da poboación considerada.

C.6. FRACCIÓN MOSTRAL. REALIZACIÓN DE MAMOGRAFÍAS PREVIAS Á PARTICIPACIÓN NO PGDPCM. ANOS¹²2008, 2005, 2002 E 1998. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002	1998
Si	66,7	68,9	69,2	37,1
Non	32,8	30,3	30,0	62,9
Ns/Nc	0,5	0,8	0,8	-
%	100	100	100	100
n	188	309	255	274


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.

En canto ao tempo transcorrido desde a última mamografía anterior á súa experiencia no PGDPCM, hai que destacar que a porcentaxe maioritaria, concretamente o 69,4% das mulleres ás cales se lles formulou esta pregunta -125 usuarias-, realizouna hai dous anos ou menos. Un 29,1%, no entanto, fíxoa hai máis tempo, do que resulta unha media de tempo de 2,57 anos.

Atendendo aos datos do cadro nº 7, pode observarse unha redución progresiva do tempo medio transcorrido desde a realización da última mamografía á marxe do programa: se en 1998 pasaran unha media de 3,6 anos, a media vaise reducindo ata os 2,6 actuais.

22

G.6. FRACCIÓN MOSTRAL. TEMPO TRANSCORRIDO DESDE A REALIZACIÓN DA ÚLTIMA MAMOGRAFÍA ALLEA AO PGDPCM. ESTRUCTURA PORCENTUAL E MEDIA ESTATÍSTICA.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

12 Na diferenza doutros estudos (anteriores e posteriores), no ano 2005 as fraccións mostrais reflectidas non eran as ponderadas, aínda que o resultado si era ponderado.

C.7. FRACCIÓN MOSTRAL. TEMPO MEDIO TRANSCORRIDO DESDE A REALIZACIÓN DA ÚLTIMA MAMOGRAFÍA ALLEA AO PGDPCM. ANOS 2008, 2005, 2002 E 1998.

	2008	2005	2002	1998
w (anos)	2.6	2.8	3.1	3.6
n_w	123	178	168	101


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

Noutra orde de cousas, se se efectúa o cálculo da idade da entrevistada no momento da realización desa última mamografía, compróbase que a gran maioría de mulleres que se someteu á proba se sitúa no intervalo de 46 e 50 anos, concretamente, o 71,6%, seguido a gran distancia daquelas que a fixeron entre os 51 e os 55 anos -10,5%-, mentres que a proporción de mulleres que a realizaron a outras idades é moi reducida.

Por outro lado, a idade media das usuarias sen experiencia previa no programa que realizaron polo menos unha mamografía no pasado sitúase nos 49,6 anos, sen que, doutra banda, se detecten variacións nesta media segundo o hábitat de residencia, aínda que en termos porcentuais a proporción de mulleres que fixeron a mamografía con máis de 50 anos é máis elevada nas cidades que nas zonas rurais/semirurais.

23

G.7. FRACCIÓN MOSTRAL. IDADE Á CAL REALIZARON A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA PREVIA AO PGDPCM. ESTRUCTURA PORCENTUAL E MEDIA ESTATÍSTICA.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.


C. 8. FRACCIÓN MOSTRAL. IDADE Á CAL REALIZARON A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA PREVIA AO PGDPCM, POR TIPO DE HÁBITAT. CATEGORÍAS AGREGADAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	Urbano	Rural	Total
Menos de 50 anos	57,3	72,4	65,7
50 anos e máis	41,0	26,2	32,7
Ns/Nc	1,7	1,4	1,6
%	100	100	100
n _w	55	70	125

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

No que respecta á recomendación da realización desta proba, a enquisa revela que entre a submostra de mulleres sen experiencia previa no PGDPCM a prescrición xinecolóxica é a opción máis destacada, mencionada nun 79,2% dos casos, seguida a gran distancia polo médico/a de cabeceira -14,6%, sendo escasamente significativas as restantes posibilidades de resposta.

G.8. FRACCIÓN MOSTRAL. QUEN INDICOU A NECESIDADE DE REALIZAR A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA PREVIA AO PGDPCM. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

Respecto ao hábitat de residencia, cómpre dicir que non se observan contrastes moi significativos, aínda que en termos porcentuais hai un maior peso de alusións ao /á xinecólogo/a entre as mulleres que viven nas cidades.

Por outro lado, segundo se incrementa a idade das entrevistadas tamén aumentan as alusións a este profesional, así como tamén o fai progresivamente en cada campaña do programa.

C.9. FRACCIÓN MOSTRAL. QUEN INDICOU A NECESIDADE DE REALIZAR A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA PREVIA AO PGDPCM, POR TIPO DE HÁBITAT. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	Urbano	Rural	Total
Xinecólogo/a	82,7	76,5	79,2
Médico/a cabeceira	11,7	16,8	14,6
Cirurxián/a	2,1	1,2	1,6
Outro/a profesional/persoa	-	4,3	2,4
Amizade/familiar	-	-	-
Iniciativa propia	3,5	1,2	2,2
Nr/Nc	-	-	-
%	100	100	100
n _w	55	70	125

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

C.10. FRACCIÓN MOSTRAL. QUEN INDICOU A NECESIDADE DE REALIZAR A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA PREVIA AO PGDPCM, POR GRUPOS DE IDADE. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	Menos de 55 anos	Entre 55 e 59 anos	Entre 60 e 64 anos	65 e máis anos	Total
Xinecólogo/a	80,2	59,8	80,4	86,5	79,2
Médico/a cabeceira	13,4	40,2	-	13,5	14,6
Cirurxián/a	1,9	-	-	-	1,6
Outro/a profesional/persoa	1,9	-	19,6	-	2,4
Amizade/familiar	-	-	-	-	-
Iniciativa propia	2,6	-	-	-	2,2
Nr/Nc	-	-	-	-	-
%	100	100	100	100	100
n _w	107	8	5	6	125

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.


C.11. FRACCIÓN MOSTRAL. QUEN INDICOU A NECESIDADE DE REALIZAR A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA PREVIA AO PGDPCM. ANOS 2008, 2005, 2002 E 1998. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002	1998
Xinecólogo/a	79,2	61,9	78,5	49,8
Médico/a cabeceira	14,6	27,3	9,1	36,9
Cirurxián/a	1,6	1,4	-	-
Outro/a profesional/persoa	2,4	1,0	2,8	4,8
Amizade/familiar	-	0,4	-	-
Iniciativa propia	2,2	6,1	9,6	7,3
Nr/Nc	-	1,9	-	1,2
%	100	100	100	100
n	125	215	177	102

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.

Tendo en conta datos do gráfico nº 9, é amplamente maioritario o recurso a un servizo público para a realización da última mamografía previa á realización no PGDPCM, en concreto 8 de cada 10 mulleres así o fixeron, aínda así, un 17,2% de usuarias optou por un centro sanitario de carácter privado.

G.9. FRACCIÓN MOSTRAL. SERVIZO EN QUE REALIZOU A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA ALLEA AO PGDPCM. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

26

C.12. FRACCIÓN MOSTRAL. SERVIZO EN QUE REALIZOU A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA ALLEA AO PGDPCM, POR TIPO DE HÁBITAT. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	Urbano	Rural	Total
Servizo público	83,3	82,4	82,8
Servizo privado	16,7	17,6	17,2
Ns/Nc	-	-	-
%	100	100	100
n _w	55	70	125

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

C.13. FRACCIÓN MOSTRAL. SERVIZO EN QUE REALIZOU A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA ALLEA AO PGDPCM, POR GRUPOS DE IDADE. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	Menos de 55 anos	Entre 55 e 59 anos	Entre 60 e 64 anos	65 e máis anos	Total
Servizo público	85,1	77,3	59,5	68,8	82,8
Servizo privado	14,9	22,7	40,5	31,2	17,2
%	100	100	100	100	100
n _w	107	8	5	6	125

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

C.14. FRACCIÓN MOSTRAL. SERVICIO EN QUE REALIZOU A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA ALLEA AO PGDPCM, POR IDADE Á CAL A REALIZOU. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	Menos de 50 anos	50 anos e máis	Ns/Nc	Total
Servizo público	85,3	76,9	100,0	82,8
Servizo privado	14,7	23,1	-	17,2
%	100	100	100	100
n _w	104	22	125	125

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

C.15. FRACCIÓN MOSTRAL. SERVICIO EN QUE REALIZARON A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA ALLEA AO PGDPCM. ANOS 2008, 2005, 2002 E 1998. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002	1998
Servizo público	82,8	66,5	77,6	77,3
Servizo privado	17,2	32,1	22,4	22,7
Ns/Nc	-	1,4	-	-
%	100	100	100	100
n	125	215	177	102


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.

IV.4. USUARIAS CON EXPERIENCIA PREVIA: Realización de exploracións mamográficas alleas ao PGDPCM

27

Noutra orde de asuntos, interesaba coñecer se as usuarias con experiencia previa realizaran algunha mamografía á marxe do programa. Así, os resultados da enquisa a esta cuestión, recollidos no gráfico nº10, poñen de manifesto que unha ampla maioría de mulleres non se someteu a ningunha outra exploración, pois só un 7,1% responde afirmativamente.

G.10. FRACCIÓN MOSTRAL. REALIZACIÓN DOUTRAS MAMOGRAFÍAS ENTRE CITA E CITA DO PGDPCM. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.


C.16. FRACCIÓN MOSTRAL: REALIZACIÓN DOUTRAS MAMOGRAFÍAS ENTRE CITA E CITA DO PGDPCM. ANOS¹³2008, 2005 E 2002. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002
Si	7,1	8,5	7,0
Non	92,6	90,2	83,0
Ns/Nc	0,3	1,1	-
%	100	100	100
n	1.112	991	745

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.

Atendendo á fracción de mulleres que realizou unha mamografía á marxe do programa -79 casos- compróbase que, na diferenza do ano 2005, a prescrición xinecolóxica volve destacar de forma maioritaria cun peso porcentual do 68,3%, en detrimento das demais opcións, e especialmente da indicación do/a médico de familia -9,2%-.

G.11. FRACCIÓN MOSTRAL. QUEN INDICOU A NECESIDADE DE REALIZAR A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA ALLEA AO PGDPCM. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

C.17. FRACCIÓN MOSTRAL. QUEN INDICOU A NECESIDADE DE REALIZAR A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA ALLEA AO PGDPCM. ANOS 2008, 2005 E 2002. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002
Xinecólogo/a	68,3	38,7	67,7
Médico/a cabeceira	9,2	38,9	13,5
Cirurxián/a	3,6	1,3	3,9
Amizade/familiar	1,0	-	-
Outro/a profesional/persoa ¹⁴	6,3	-	-
Iniciativa propia	10,6	9,6	14,9
Nr/Nc	1,0	11,5	-
%	100	100	100
n	79	87	52


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.

13 A diferenza doutros estudos (anteriores e posteriores), no ano 2005 as fraccións mostrais reflectidas non eran as ponderadas, aínda que o resultado si era ponderado.

14 Inclúe referencias exclusivamente a profesionais sanitarios: oncólogo/a (2 mencións); outros especialistas sen especificar (3 referencias, 2 delas á sanidade privada).

Respecto á dependencia pública ou privada do centro sanitario onde realizou esa última mamografía entre cita e cita do PGDPCM, pódese comprobar segundo o gráfico nº12, que a maioría das mulleres sinalan un servizo público, en concreto 7 de cada 10.

G.12. FRACCIÓN MOSTRAL. SERVIZO EN QUE REALIZARON A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA ALLEA AO PGDPCM ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

C.18. FRACCIÓN MOSTRAL. SERVIZO EN QUE REALIZARON A ÚLTIMA MAMOGRAFÍA ALLEA AO PGDPCM. ANOS 2008, 2005 E 2002. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002
Servizo público	70,6	71,5	58,0
Servizo privado	28,2	22,1	38,1
Ns/Nc	1,2	6,4	3,9
%	100	100	100
n	79	87	52

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.

V. CITACIÓN E MOTIVOS DA PARTICIPACIÓN


O capítulo que se inicia fai referencia a outra fase do programa moi importante para as mulleres usuarias: a comunicación dos resultados da proba realizada. Analízase a continuación, en primeiro lugar, o mecanismo de citación das usuarias e, en segundo lugar, a percepción do tempo de espera transcorrido entre esta e a realización da mamografía, así como a adecuación do seu horario. Por último, coméntanse os motivos que impulsaron as mulleres a participar no PGDPCM.

V.1. A CITACIÓN

31

Polo que atinxe ao mecanismo de citación máis sinalado polas mulleres á hora da súa participación no PGDPCM, a carta é o medio de comunicación máis empregado, xa que a práctica totalidade das entrevistadas -97,3%- foi avisada desta forma, mentres que só un 2,7% a solicitou ela mesma por teléfono.

G.1. MOSTRA TOTAL. MECANISMOS DE CITACIÓN. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

Non se aprecian diferenzas significativas en canto á forma de acceso ao Programa se se comparan estes datos cos de anteriores estudos.


C.1. MOSTRA TOTAL. MECANISMOS DE CITACIÓN. ANOS 2008, 2005, 2002 E 1998. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002	1998
Citárona por carta	97,3	98,0	97,9	94,5
A usuaria solicitou cita telefonicamente	2,7	1,6	-	-
Outras ¹⁵	-	0,2	2,1	4,2
Ns/Nc	-	0,2	-	1,3
%	100	100	100	100
n	1.300	1.300	1.000	300

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.

En canto á percepción do tempo transcorrido desde o día que recibiu a citación ata a data en que foron atendidas, unha inmensa maioría de mulleres, o 91,8% de xeito agregado, considera que este período de espera foi “curto” ou “moi curto”, mentres que só un 6,1% se manifestou en sentido contrario.

G.2. MOSTRA TOTAL. PERCEPCIÓN DO TEMPO TRANSCORRIDO ENTRE A COMUNICACIÓN DA CITA E A REALIZACIÓN DA MAMOGRAFÍA. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

Tal como reflicte o seguinte cadro, a comparación dos resultados da presente edición con anos anteriores revela que o tempo transcorrido entre a comunicación da cita e a realización da mamografía tende a ser cada vez menor, segundo perciben as propias usuarias.

15 Para poder presentar os resultados comparativamente foi necesaria unha agregación das categorías.


C.2. MOSTRA TOTAL. PERCEPCIÓN DO TEMPO TRANSCORRIDO ENTRE A COMUNICACIÓN DA CITA E A REALIZACIÓN DA MAMOGRAFÍA. ANOS 2008, 2005, 2002, 1998 E 1996. RESPÓSTAS AGREGADAS¹⁶. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002	1998	1996
Curto/ moi curto	91,8	90,7	87,8	85,0	85,5
Longo/moi longo	6,1	6,1	9,2	3,0	13,6
Ns/Nc	2,1	3,2	3,0	12,0	0,9
%	100	100	100	100	100
n	1.300	1.300	1.000	300	705

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.

No referente ao grao de satisfacción coa hora a que a citaron, cómpre dicir que este é moi elevado, xa que nun 93% dos casos se mostran satisfeitas, mentres que o 6,8% cre que este foi “pouco” ou “nada” adecuado.

G.3. MOSTRA TOTAL. OPINIÓN SOBRE A ADECUACIÓN DO HORARIO. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

Con respecto a este tema, convén sinalar que desde a perspectiva das unidades de exploración as usuarias atendidas nas unidades móbiles se mostran levemente máis satisfeitas que as que acudiron ás fixas. Así, o cadro nº 3 reflicte as variacións porcentuais detectadas para as trece unidades, segundo a tipoloxía, podendo destacarse, se se atende simplemente á categoría de resposta máis favorable -“moi adecuado”-, as positivas valoracións emitidas nas unidades fixas de Ferrol e Ourense, así como na unidade móbil de Lugo-Ourense.

16 Para facer comparables os resultados obtidos nos cinco estudos procedeuse a unha agregación de categorías. Pese a que a formulación da pregunta non é idéntica nos anos 2008, 2005 e 2002, en comparación cos dous estudos anteriores, esta circunstancia só supón unha mellora respecto deles, non un cambio que impida unha comparación de resultados.

C.3. MOSTRA TOTAL. OPINIÓN SOBRE A ADECUACIÓN DO HORARIO, POR UNIDADE DE EXPLORACIÓN, TIPO DE UNIDADE E EN TOTAL¹⁷. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

		Moi adecuado		Bastante adecuado		Pouco adecuado		Nada adecuado		Ns/Nc		TOTAL	
		n	%	n	%	n	%	n	%	n	%	n	%
F-01	Santiago	38	38,0	54	54,0	6	6,0	2	2,0	-	-	100	100
F-03	Pontevedra	37	37,0	58	58,0	5	5,0	0	0,0	-	-	100	100
F-04	Lugo	37	37,0	58	58,0	4	4,0	1	1,0	-	-	100	100
F-05	Ourense	42	42,0	51	51,0	6	6,0	1	1,0	-	-	100	100
F-07	Vigo	34	34,0	48	48,0	13	13,0	4	4,0	1	1,0	100	100
F-08	A Coruña	41	41,0	50	50,0	6	6,0	3	3,0	-	-	100	100
F-11	Vigo 2	28	28,0	63	63,0	6	6,0	2	2,0	1	1,0	100	100
F-12	A Coruña 2	36	36,0	57	57,0	6	6,0	1	1,0	-	-	100	100
F-13	Ferrol	44	44,0	53	53,0	3	3,0	0	0,0	-	-	100	100
Total fixas		353	37,4	518	54,8	57	6,1	15	1,5	2	0,2	945	100
M-02	Santiago	29	29,0	63	63,0	6	6,0	2	2,0	-	-	100	100
M-06	A Coruña	35	35,0	65	65,0	-	-	-	-	-	-	100	100
M-09	Pontevedra	27	27,0	67	67,0	5	5,0	-	-	1	1,0	100	100
M-10	Lugo-Ourense	43	43,0	51	51,0	5	5,0	1	1,0	-	-	100	100
Total móbiles		118	33,5	219	61,6	14	3,9	3	0,8	1	0,2	355	100
TOTAL MOSTRAL		472	36,3	737	56,7	71	5,5	17	1,3	3	0,2	1.300	100

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

Unha comparativa entre estudos evidencia que non se aprecia variación ningunha ao considerar agregadamente as respostas positivas “moi adecuado” e “bastante adecuado”.

C.4. MOSTRA TOTAL. OPINIÓN SOBRE A ADECUACIÓN DO HORARIO. ANOS 2008, 2005 E 2002. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002
Moi adecuado	36,3	49,1	55,7
Bastante adecuado	56,7	42,0	35,6
Pouco adecuado	5,5	5,7	5,8
Nada adecuado	1,3	0,8	1,3
Ns/Nc	0,2	2,4	1,6
%	100	100	100
n	1.300	1.300	1.000

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.


¹⁷ Os totais e subtotais marcados en grosa corresponden a resultados ponderados. Máis información sobre o procedemento de ponderación na epígrafe “Deseño e tamaño da mostra” do capítulo dedicado á metodoloxía.

V.2. MOTIVOS DA ASISTENCIA

A análise das respostas sobre os posibles motivos que levaron as mulleres a participar no programa obxecto de estudo, reflectidas no gráfico nº4, pon de manifesto que é a cita persoal a razón principal e maioritaria, ou polo menos así o declarou o 86,5% das usuarias. A unha gran distancia, pero nun segundo lugar, alúdese á prescrición médica -12,8%- e nun 10,3% dos casos, a unha inquietude persoal previa. Outras razóns como a prensa, indicacións feitas polos amigos, ou presións familiares, apenas son aludidas, polo que teñen escasa influencia.

A comparanza entre estudos revela, por outro lado, que como en anos anteriores a cita persoal é o principal motivo de asistencia, e nun segundo e distanciada lugar as alusións ao médico e inquietude persoais.

G.4. MOSTRA TOTAL. MOTIVOS DA ASISTENCIA. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL¹⁸.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

C.5. MOSTRA TOTAL. MOTIVOS DA ASISTENCIA. ANOS 2008, 2005, 2002, 1998 E 1996. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL.

	2008	2005	2002	1998	1996
Cita persoal	86,5	86,2	79,5	69,1	75,8
Información na prensa	1,1	1,1	2,6	3,5	1,7
Inquietude persoal previa	10,3	8,7	30,0	48,1	32,4
Presión familiar	0,6	1,0	1,5	15,5	8,2
Indicación médica	12,8	10,9	13,2	4,6	8,0
Indicación de achegados/as	1,3	0,8	1,6	11,3	-
%	112,7	108,7	128,4	152,1	129,1
n	1.300	1.300	1.000	300	705

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.

¹⁸ Trátase dunha distribución porcentual na cal a suma de porcentaxes supera levemente o 100%, por ser unha pregunta de resposta múltiple en que a entrevistada podía aludir a máis dunha cuestión.

VI. O FOLLETO EXPLICATIVO

Neste capítulo abórdanse aquelas cuestións relacionadas co folleto explicativo, un folleto que remite, a través da citación que se realiza por carta á poboación destinataria do Programa, o organismo responsable deste. Neste folleto ofrécese información sobre as características do Programa no cal se invita ás mulleres a participar, distribuíndose así mesmo, en centros de saúde e farmacias.


Así pois, un dos obxectivos do estudo é indagar entre as usuarias que foron citadas por carta- o 97,3% do total, 1.265 en números absolutos-, o coñecemento e utilización do folleto, así como a valoración da súa utilidade, do seu contido e da súa comprensión.

37

VI.1. COÑECEMENTO E UTILIZACIÓN DO FOLLETO EXPLICATIVO

O 77,9% das usuarias que recibiron a citación por correo manifesta coñecer o folleto explicativo; na maior parte destes casos, ademais, recoñécese telo lido -60,3%-, aínda que un 17,6% o viu pero non o leu. Por outra banda, o 15,6% das entrevistadas descoñece por completo a súa existencia e tan só un 6,5% non responde a esta cuestión.

G.1. FRACCIÓN MOSTRAL. COÑECEMENTO E USO DO FOLLETO EXPLICATIVO ENTRE AS QUE RECIBIRON A CITACIÓN POR CORREO. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

Doutra banda, en comparanza con datos de estudos anteriores, este ano son algo máis negativos que no 2005 e 2002, ao ter aumentado a porcentaxe de usuarias que o viron pero non leron, así como o daquelas que nin o viron nin o leron.

C.1. FRACCIÓN MOSTRAL. COÑECEMENTO E USO DO FOLLETO EXPLICATIVO ENTRE AS QUE RECIBIRON A CITACIÓN POR CORREO. ANOS 2008, 2005, 2002 E 1998.¹⁹. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002	1998
Leuno	60,3	64,7	68,2	32,1
Viuno, pero non o leu	17,6	6,8	16,6	5,6
Nin o viu nin o leu	15,6	14,4	8,7	46,4
Non llo enviaron	-	-	-	1,9
Outra	-	-	-	0,3
Ns/Nc	6,5	14,1	6,5	13,7
%	100	100	100	100
n	1.265	1.275	979	292

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das enquisas realizadas.


19 A pregunta non é perfectamente comparable en todos os estudos realizados xa que no ano 1998 se dirixía a todas aquelas usuarias que recibiran a citación ben por carta, ben a través dunha visitadora ou “doutra” forma non especificada no cuestionario, mentres que nos estudos posteriores se dirixe, pola contra, a aquelas que foron citadas mediante unha carta. No entanto, en 1998 só 9 das 292 mulleres consultadas non o recibiron por correo, de xeito que, tendo en conta esta circunstancia, se decide expoñer igualmente os resultados deste estudo, cando menos para ter unha referencia aproximada. Esta circunstancia afecta tamén os resultados obtidos sobre a utilidade, suficiencia da información e comprensión do folleto.

VI.2. VALORACIÓN DO FOLLETO EXPLICATIVO

Así pois, atendendo aos resultados da submostra de usuarias que viron e leron o folleto explicativo, interesaba afondar no tema, preguntando ás mulleres sobre a súa utilidade, grao de comprensión e extensión da información.

Os resultados, que se expoñen no gráfico e cadro nº 2 poñen de manifesto un elevadísimo grao de satisfacción nos tres aspectos avaliados, pero en especial coa súa utilidade, recoñecida polo 97,9% das entrevistadas.

G.2. FRACCIÓN MOSTRAL. OPINIÓN SOBRE A UTILIDADE, A INFORMACIÓN QUE FACILITA E A COMPRENSIÓN DO FOLLETO. FRECUENCIA PORCENTUAL AFIRMATIVA.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

C.2. FRACCIÓN MOSTRAL. OPINIÓN SOBRE A UTILIDADE, A INFORMACIÓN QUE FACILITA E A COMPRENSIÓN DO FOLLETO. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	Si	Non	Ns/Nc	%	n
Parécelle útil	97,9	0,4	1,7	100	763
Achega suficiente información	93,1	2,7	4,2	100	763
Enténdese con facilidade	95,9	1,6	2,5	100	763

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa. Xuño 2008.

A comparanza destes resultados cos de campañas anteriores indica que tanto a utilidade como a información que achega o folleto apenas presenta modulacións significativas, mentres que o grao de comprensión é agora algo máis elevado que no ano 2005.

C.3. FRACCIÓN MOSTRAL. OPINIÓN SOBRE A UTILIDADE DO FOLLETO. ANOS 2008, 2005, 2002 E 1998. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

	2008	2005	2002	1998
Parécelle útil	97,9	98,4	93,8	96,1
Non lle parece útil	0,4	0,2	0,1	-
Ns/Nc	1,7	1,4	6,1	3,9
%	100	100	100	100
n	763	822	668	94

